

Os socialistas de As Nogais denuncian o abandono por parte do Concello das pezas artesanais que conformaban o Museo Etnográfico de As Nogais

A voceira do PSOE lembra que “unha das primeiras obras do mandato do alcalde popular foi desmantelar o Museo, restos que agora se atopan amontoados no baixo cuberta do Centro Sociocultural”

A edil socialista denuncia a pésima xestión dos bens patrimoniais do Concello por parte do Goberno local presidido polo popular Jesús Nuñez

A xestión do emprazamento do petróglifo de Santo André a dependencias do concello de As Nogais, ven a “certificar a incapacidade do Alcalde para poñer en valor un atractivo cultural do municipio que debera ser punto de referencia manténdoo no seu entorno orixinal”. O temor dos socialistas radica en que o petróglifo acabe como os bens que pertencen aos veciños do Concello e que os prestaron para expoñer no museo etnográfico

Fe Álvarez destaca a permisividade por parte de Patrimonio de Galicia á hora de permitir o traslado deste descubrimento para musealizalo nalgunha dependencia municipal, cando noutras ocasións ten posto tantos impedimentos

AS NOGAIS, 23 DE MARZO DE 2015.-A voceira do PSOE de As Nogais -Fé Álvarez- denuncia que o alcalde, o popular Jesús Nuñez, está a levar a cabo unha pésima xestión dos bens culturais do Concello. Como mostra desta ineficacia a socialista lembra que “unha das primeiras obras do seu mandato foi desmantelar o Museo Etnográfico de As Nogais, restos que agora se atopan amontoados e abandonados no baixo cuberta do Centro Sociocultural”. O Alcalde dedicouse a “desfacer o que había feito” xa que o museo fora promovido polo Goberno Local da lexislatura anterior.

O xeito de tratar este museo creou un enorme malestar nos veciños e veciñas do municipio, xa que foron os que cederon en préstamo as pezas dos oficios e etnografía da Montaña. Agora toda esta artesanía foi acantoadada, collendo trazas e sucidade, sen que os seus lexítimos donos coñezan se está debidamente custodiada e teña a garante da súa integridade.

Por iso, considera que a xestión do emprazamento do petróglifo de Santo Andrés dependencias do Concello de As Nogais, ven a certificar a incapacidade do rexedor para poñer en valor un atractivo cultural do municipio que debera ser punto de referencia manténdoo no seu entorno orixinal. O temor dos socialistas radica en que o petróglifo acabe como os bens que pertencen aos veciños do Concello e que os prestaron para expoñer no museo etnográfico. Álvarez indicou que “se houberan xestionado ben o museo etnográfico e a día de hoxe seguira funcionando sería unha situación perfecta para o petróglifo, pero agora a onde o pensan levar?”

Neste senso, a voceira do PSOE expresou a súa sorpresa pola “permisividade por parte de Patrimonio de Galicia á hora de permitir o traslado deste descubrimento para musealizalo nalgunha dependencia municipal, cando noutras ocasións ten posto tantos impedimentos”.

Compensación aos veciños

Por outra banda, Fe Álvarez, explicou que segundo o artigo 60 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia establécese que o descubridor e o propietario do terreo no que se atopase un achado

casual terán dereito a percibir da Xunta de Galicia, en concepto de premio, unha cantidade igual á metade do valor que en taxación legal se atribúa, e que se distribuiría entre eles a partes iguais. Por iso, insta ao alcalde e a Patrimonio a que indiquen como pensan compensar aos veciños.

A edil do PSOE indicou que “Jesús Núñez e o Goberno galego deberían separar o interese xeral da cidadanía de As Nogais dos intereses do Partido Popular, para que o patrimonio do concello non sufra máis os efectos dunha pésima xestión dos recursos culturais”.